



.....

Xornada

Os camiños de Nós polo mundo

.....

Fundación Vicente Risco

Allariz

17 de setembro de 2022



Neste país vertebrado por millóns de camiños, carreiros, corredoiras e vereas que nos comunican entre nós e que nos conectan co mundo, o país dos mil ríos que van a un mar que nos leva a Europa e a un océano que nos leva a América, é preciso reparar neses camiños físicos e imaxinarios polos que os arrieiros da nosa cultura levaron o noso xenio e trouxeron intelixencias afastadas. Vieiros de ida e volta que nos fixeron florecer e posibilitaron que nós enriqueceramos o mundo coa nosa intelixencia milenaria.

Vicente Risco, un destes arrieiros, deixou dito que “ningún pobo pode nin debe vivir para el só, senón que ten que vivir para os demais pobos da terra, ten que vivir na comunidade da cultura universal”. Esa idea viva inspira esta xornada, na que se reflexiona sobre a importancia das viaxes da intelectualidade galega como forma de intercambio de coñecemento e de interaccionar coas culturas do mundo en pé de igualdade, como un exemplo de futuro, de estímulo para a procura de todos os camiños que aínda fican por percorrer.

Nese traballo anda o Consello da Cultura Galega, establecendo permanentes contactos e complicidades con persoas e entidades de todo o mundo que xeran novo coñecemento, que nutre a “comunidade da cultura universal”, e tamén a Fundación Vicente Risco, que mantén vivo o legado deste heterodoxo amante do Oriente, do saudosismo, da Europa dos pobos e a súa riqueza cultural, desde a súa amada terra. Desta coincidencia nace esta proposta de reflexión e diálogo sobre a importancia destes intercambios e a necesidade do seu coñecemento como exemplo para os novos camiños que aínda ha percorrer a nosa cultura.

Imaxe da portada: Debuxo de Vicente Risco

Programa

10:15 horas

Presentación

Rosario Álvarez, presidenta do CCG
Cristina Cid Fernández, alcaldesa do
Concello de Allariz
Celia Pereira Porto, presidenta da
FVR

10:30 horas

*As viaxes de estudos previas a 1936:
diálogo entre disciplinas científicas*
“Viaxes europeas da Xeración Nós”

Ramón Villares, catedrático emérito
da Universidade de Santiago de
Compostela

“O contributo modernizador da JAE e
(de) Cadarso no ámbito científico-
experimental, mediante as viaxes ao
estranxeiro na universidade galega
(1900-1936)”

Ricardo Gurriarán, historiador
Presenta: **Rosario Álvarez**

11:10 horas. Coloquio

11:25 horas. Pausa

11:45 horas

*Bal y Gay: de Cambridge a México
D.F. da man de John B. Trend*

Samuel Diz, intérprete e investigador
musical

Presenta: **Ana Gloria Rodríguez
Alonso**, padroeira da FVR

12:15 horas. Coloquio

12:30 horas. Pausa

12:45 horas

*A vida nunha viaxe. Vicente Risco de
París a Viena en 1930*

Iria-Friné Rivera Vázquez,
historiadora da arte e padroeira da
FVR

Presenta: **Celia Pereira Porto**

13:15 horas. Coloquio

16:30 horas

*Viaxes e contactos de Nós e
Florentino López Cuevillas*

Dialogan:

José María Eguileta Franco, doutor
arqueólogo

Afonso Vázquez-Monxardín,
catedrático de Lingua e Literatura
Galega no Ensino Medio

Presenta: **Antonio Blanco Rodríguez**,
vicepresidente da FVR

17:10 horas. Coloquio

17:25 horas. Pausa

17:45 horas

*Alfonso Daniel Rodríguez Castelao:
100 anos arredor de Europa*

Ángeles Tilve Jar, conservadora do
Museo de Pontevedra. Responsable
de coleccións

Presenta: **Miguel Anxo Seixas**,
presidente da Fundación Castelao

18:15 horas. Coloquio

18:30 horas. Pausa

18:45 horas

*Polos vieiros da saudade: Ramón
Otero Pedrayo en América*

Patricia Arias Chachero, profesora e
secretaria da Fundación Otero
Pedrayo

Presenta: **Alfonso Villar Agra**,
padroeiro da FVR

19:15 horas. Coloquio

19:30 horas

Clausura da xornada

Organizan

Consello da Cultura Galega
Fundación Vicente Risco

Colabora

Concello de Allariz

Coordina

Xosé Rodríguez Díaz

Lugar

Fundación Vicente Risco
Rúa San Lourenzo, 3
32660 Allariz

Inscripción

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (20 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Máis información

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

Organizan:



Colabora

